<ul style="list-style-type: none"> ● Coñecer a linguaxe informático e o modo no que un sistema informático o utiliza. 	<ul style="list-style-type: none"> ● Recoñece a linguaxe informático e o modo no que un sistema informático o utiliza.

<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as aplicacións ofimáticas que forman un paquete ofimático. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece o conxunto de aplicacións informáticas que forman un paquete ofimático e describe as características e usos de cada unha delas.
<ul style="list-style-type: none"> • Usar as follas de cálculo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utiliza as follas de cálculo para realizar cálculos a través do uso de fórmulas e funcións. • Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo que inclúen resultados textuais, numéricos e gráficos.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar o procesador de textos para a produción de documentos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e utiliza as funcións elementais dun procesador de textos. • Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de tablas, imaxes, fórmulas, gráficos, así coma outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as normas para realizar unha presentación e deseñar unha sinxela. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica as normas para levar a cabo unha boa presentación e deseñar unha sinxela.
<ul style="list-style-type: none"> • Desenrolar capacidades para integrar elementos multimedia nunha presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Integra elementos multimedia, imaxen e texto na elaboración de presentacións adecuando o deseño e a maquetación á mensaxe e ó público Obxectivo ó que vai dirixido.
<ul style="list-style-type: none"> • Identificar o obxectivo da seguridade informática. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece que o obxectivo da seguridade informática é manter a integridade, a dispoñibilidade e a confidencialidade do sistema informático, así comola información contida no mesmo.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer os riscos de seguridade ou as diferentes ameazas que poden afectar á seguridade dos sistemas informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os distintos tipos de ameazas que poden afectar á seguridade dos sistemas informáticos.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar as medidas de seguridade pasiva para protexer os sistemas informáticos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sabe qué medidas debe aplicar para tomar medidas de seguridade pasivas có fin de protexer- los sistemas informáticos.
<ul style="list-style-type: none"> • Emplear hábitos de protección adecuados na protección de datos e no intercambio de información. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as medidas de seguridade activas para protexer os sistemas informáticos.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as principais medidas para incrementar o nivel de seguridade nas redes inalámbricas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer as medidas de seguridade activas para protexer os sistemas informáticos.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none"> - GUÍAS DE APRENDIZAXE DE RECUPERACIÓN, CONSOLIDACIÓN E AMPLIACIÓN - ENTREGA DE TAREFAS NO CLASSROOM - VALORACIÓN DA ACTITUDE DO ALUMNO (asistencia as videoconferencias, entrega de tarefas, ...)
	Instrumentos de avaliación: <ul style="list-style-type: none"> - CITAS DE SEGUIMIENTO - GOOGLE FORM - QUIZZIZ
Criterios de cualificación	Modifícanse os criterios de calificación propostos para este curso. Os novos criterios son: 20% Guías de aprendizaxe 20% Citas e actividades avaliáveis 40% Exame 20% Actitude do alumno
Cualificación final	Nota media entre a primeira e a segunda avaliación. En canto a terceira non terá efectos negativos no alumnado e para aqueles alumnos que completen as tarefas de ampliación e reforzo, no seu caso, e mostren unha actitude favorable podrá valorárselle ata un máximo de dous puntos que sumarán na avaliación ordinaria (nota final de curso).
Proba extraordinaria de setembro	Será unha proba única (exame) baseada nos contidos mínimos esixibles, estándares e competencias imprescindibles para superar ó curso (apartado 1).
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:
	Data do exame:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades repaso e recuperación	GUÍAS E/OU BOLETÍNS DE REFORZO
Actividades de ampliación	GUÍAS E/OU BOLETÍNS DE AMPLIACIÓN
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	USO DAS SEGUINTE FERRAMENTAS DIXITAIS: <ul style="list-style-type: none"> - CLASSROOM - MEET - GMAIL - DRIVE - TOKAPP - GOOGLE FORM - HOJAS DE CÁLCULO - CANVA
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - GUÍAS DE APRENDIZAXE, REFORZO OU AMPLIACIÓN - BOLETÍNS DE REFORZO OU AMPLIACIÓN - PÁXINAS WEB

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O equipo directivo informará mediante tokapp da emisión dun comunicado oficial a través de email dos cambios xerais a ter en conta para este terceiro trimestre, para elo cada tutor mediante videoconferencia ou chamada telefónica, para garantir o éxito da recepción da información, presentará o programa de reforzo a cada alumno así coma os cambios nos criterios de calificación.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro a partires do 13 de maio.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: SEMINARIO MENOR A INMACULADA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: INGLÉS

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 08-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso 2019-2020.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para superar o curso.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.	PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.
B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que exista apoio visual e as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe, e que se poida volver escoitar o dito.	PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).
B2.2. Pronunciar e entoar os enunciados de maneira clara e comprensible, aínda que as persoas interlocutoras poidan necesitar repeticións se se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.	PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
B2.5. Interactuar de maneira sinxela pero efectiva en intercambios cla-	PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara

<p>ramente estruturados, utilizando estratexias de cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.</p>	<p>ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.</p>
<p>B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender.</p>	<p>PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.</p>
<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.</p>	<p>PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).</p>
<p>B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non conteña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.</p>	<p>PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas</p>

	xerais, coñecidos ou do seu interese.
B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro de estudos, etc.	PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).
B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto antes da súa escritura definitiva).	PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.
B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats).	PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.
B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.	PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e

	xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.
B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.	PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.
B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).	PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.
B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.	PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio visual facilitan a comprensión.	PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.

B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Cos alumnos que teñen que recuperar algunha guía do curso, establecéuselle unha guía de recuperación de dita guía pendente por entregar ou superar para reforzar o contido xa estudado previamente. Cos alumnos que teñen todo o curso aprobado, establecéuselle unha guía-proxecto na que estamos a ler a novela de “Frankenstein” de Mary Shelley. Ao longo desa guía os alumnos terán que realizar diferentes actividades relacionadas coa lectura e a reflexión e análise do libro. Ademais, visualizaremos a adaptación ao cine deste, coa súa sucesiva análise. Ao longo de ditos procedementos, valorarase o traballo individual, o traballo en grupos cooperativos, as citas de seguimento individuais e grupais, e a actitude de cada alumno.</p>
	<p>Instrumentos de avaliación: probas orais (presentacións); proba oral para os alumnos que teñen que recuperar algunha guía; rúbricas para avaliar as citas de seguimento tanto individuais como grupais e a guía enriquecida, e o traballo cooperativo (auto-avaliación, e co-avaliación dos compañeiros); traballo individual na creación de material multimedia a través de ferramentas dixitais tales como PADLET, Google Slides, etc.</p>
Criterios de cualificación	<p>Modifícanse os criterios de calificación propostos para este curso. Os novos criterios son:</p> <ul style="list-style-type: none"> 20% Guías de aprendizaxe 20% Citas e actividades avaliáveis 40% Probas orais 20% Actitude do alumno
Cualificación final	<p>Nota media entre a primeira e a segunda avaliación. En canto a terceira non terá efectos negativos no alumnado e para aqueles alumnos que completen as tarefas de ampliación e reforzo, no seu caso, e mostren unha actitude favorable podrá valorárselle ata un máximo de dous puntos que sumarán na avaliación ordinaria (nota final de curso).</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Será unha proba única (exame) baseada nos contidos mínimos esixibles, estándares e competencias imprescindibles para superar o curso (apartado 1).</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

	Data do exame.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades repaso e recuperación	Traballo na guía de recuperación no caso concreto de cada alumno para repasar e reforzar os contidos, estándares e competencias que non estivesen superadas antes do 13 de marzo de 2020. Repaso de vocabulario e gramática xa visto ao longo do curso.
Actividades de ampliación	Ampliación de vocabulario relacionado coa lectura. En ningún caso se amplía contido gramatical.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Todos os alumnos teñen dispoñibilidade de conexión a internet de maneira habitual.
Materiais e recursos	Recursos multimedia de tipo audiovisual a través de Youtube, guías didácticas en Google Sites, ferramentas para creación de contido multimedia (PADLET, Google Slides...), ordenadores chromebook de préstamo (un por cada alumno), plataforma Classroom para entregar as tarefas, etc.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O equipo directivo informará mediante tokapp da emisión dun comunicado oficial a través de email dos cambios xerais a ter en conta para este terceiro trimestre, para elo cada tutor mediante videoconferencia ou chamada telefónica, para garantir o éxito da recepción da información, presentará o programa de reforzo a cada alumno así coma os cambios nos criterios de calificación.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro a partires do 13 de maio.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: SEMINARIO MENOR A INMACULADA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS

DATA: 11.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso 2019-2020.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para superar o curso.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Enunciar os principios da teoría celular	Enuncia os principios da teoría celular
Determinar as analoxías e diferenzas na estrutura das células procariotas e nas eucariotas interpretando as relacións evolutivas entre elas.	Compara a célula procariota e a eucariota, e a célula animal e vexetal. Recoñece a función dos orgánulos celulares e a relación entre morfoloxía e función.
Comparar os tipos e a composición dos ácidos nucleicos relacionándoos coa súa función	Diferenza ADN e ARN respecto a composición, estrutura e función.
Comprender como se expresa a información xenética	Define o concepto de xene. Describe os mecanismos de replicación, transcrición e tradución utilizando o código xenético.
Relacionar as etapas do ciclo celular	Diferenza os procesos que ocorren durante a interfase e a fase de división celular. Compara cromatina e cromosoma. Recoñece as fases da mitose e da meiose distinguindo o seu significado biolóxico.
Formular os principios básicos da Xenética Mendeliana	Recoñece os principios básicos da xenética de Mendel.
Aplicar as leis de Mendel a resolución de problemas	Resolve problemas prácticos de cruzamentos con un ou dous caracteres.
Diferenzar herdanza do sexo e a heranza ligada ao sexo, establecendo a relación que se da entre elas.	Resolve problemas prácticos sobre daltonismo e hemofilia.
Valorar o papel das mutacións na diversidade xenética, comprendendo a relación entre mutación e evolución. As mutacións nas enfermidades.	Recoñece e explica en que consisten as mutacións e os seus tipos. Así como a súa aplicación en enfermidades xenéticas coñecidas.
Identificar as técnicas da Enxeñaría xenética. ADN recombinante e PCR.	Diferenza técnicas de traballo en enxeñaría xenética e as súas aplicacións.

Comprender o proceso da clonación	Describe as técnicas de clonación animal, distinguindo a clonación terapéutica da reprodutiva.
Recoñecer as distintas aplicacións da enxeñaría xenética: OXM, diagnóstico e tratamento de enfermidades.	Analiza as aplicacións éticas, sociais e mediambientais da enxeñaría xenética.
Comparar lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo	Distingue as características diferenciadoras entre lamarckismo, darwinismo e neodarwinismo.
Comprender os mecanismos da evolución destacando a importancia da mutación e da selección.	Establece a relación entre variabilidade xenética, adaptación e selección natural. Analiza o debate entre gradualismo, saltacionismo e neutralismo.
Cofecer as probas da evolución	Aporta probas anatómicas, embriolóxicas, paleontolóxicas, bioxeográficas e bioquímicas.
Describe a hominización	Recoñece e describe as fases da hominización.
Diferenciar os factores ambientais e a súa influencia nos seres vivos	Recoñece os factores ambientais que condicionan o desenvolvemento dos seres vivos nun ambiente determinado, valorando a súa importancia na conservación do mesmo.
Recoñecer o concepto de factor limitante e límite de tolerancia	Interpreta as adaptacións dos seres vivos a un ambiente determinado, relacionando a adaptación co factor ou factores ambientais desencadeantes do mesmo. Identifica adaptacións a ambientes extremos (luz, temperatura, humidade, PH, salinidade,...)

Identificar as relacións intra e interespecíficas como factores de regulación dos ecosistemas.	Recoñece e describe distintas relacións e a súa influencia na regulación dos ecosistemas.
Explicar os conceptos de biótomo, poboación, comunidade, ecotono, cadeas e redes alimentarias.	Define biótomo, poboación, comunidade, ecoton, cadeas e redes tróficas. Analiza mediante gráficas sinxelas as relacións entre biótomo e biocenose, avaliando a súa importancia para manter o equilibrio no ecosistema.
Expresar como se produce a transferencia de materia e enerxía ao longo dunha rede trófica.	Recoñece os diferentes niveis tróficos e as súas relacións nos ecosistemas, valorando a importancia. Establece a relación entre a transferencia de enerxía dos niveis tróficos e a súa eficiencia enerxética.
Analizar e interpretar os ciclos bioxeoquímicos.	Describe os ciclos do C, N, S e P.
Relacionar as perdas enerxéticas producidas en cada nivel trófico co aproveitamento dos recursos alimentarios do planeta desde un punto de vista sostible.	Compara as consecuencias prácticas na xestión sostible dalgúns recursos por parte do ser humano, valorando criticamente a súa importancia.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación deberá ser continua, formadora e integradora.</p> <p>De cada tema farase unha guía de aprendizaxe a desenvolver no caderno de clase na que se valorará especialmente a presentación.</p> <p>Os contidos que se impartirán durante a Terceira Avaliación non sufrirán ningunha modificación. Os contidos serán os mesmos que se se continuaron as clases presenciais.</p>
	<p>Co fin de que os alumnos poidan recibir os contidos incluídos na materia, tamén nesta terceira avaliación non presencial, deseñaranse tarefas e actividades de ensino e aprendizaxe nas que se traten varios contidos á vez. Traballaranse utilizando formatos variados, como poden ser actividades de comprensión e expresión escrita, actividades online, cuestionarios online, visionado e comentario de documentais, investigación utilizando ferramentas dixitais, clases en liña, etc.</p> <p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Seguimento diario da guía de aprendizaxe e citas de seguimento semanais. - Formulario google form. - Rúbrica de guías e citas de seguimento. - Exposición na aula de mapas mentais.
Criterios de cualificación	<p>Para calcular a nota da terceira avaliación, valoraranse as tarefas online realizadas. Farase a media das dúas primeiras avaliacións. A terceira avaliación modula a nota, podendo subir ata 1,5 puntos.</p> <p>Modifícanse os criterios de calificación propostos para este curso. Os novos criterios son:</p> <p>20% Guías de aprendizaxe 20% Citas e actividades avaliáveis 40% Exame 20% Actitude do alumno</p>
Cualificación final	<p>Para calcular a nota da terceira avaliación, valoraranse as tarefas online realizadas.</p> <p>Farase a media das dúas primeiras avaliacións. A terceira avaliación modula a nota, podendo subir ata 2 puntos.</p> <p>Nota media entre a primeira e a segunda avaliación. En canto a terceira non terá efectos negativos no alumnado e para aqueles alumnos que completen as tarefas de ampliación e reforzo, no seu caso, e mostren unha actitude favorable podrá valorárselle ata un máximo de dous puntos que sumarán na avaliación ordinaria (nota final de curso).</p>
Proba extraordinaria de	<p>Será unha proba única (exame) baseada nos contidos mínimos esixibles, estándares e competencias imprescindibles para superar o curso (apartado</p>

setembro	1).
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:
	Data do exame.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades repaso e recuperación	<p>Farase recuperación das dúas primeiras avaliacións. Os alumnos realizarán un cuadernillo de actividades. Dito cadernillo debe facerse a man e non no ordenador e débese enviar ao profesor mediante fotos ou escaneados de boa cadlidade. Non se fará exame de recuperación. A nota máxima da recuperación será un 6.</p> <p>Os alumnos con materia pendente deben completar as guías de aprendizaxe e respostar a un formulario por google form ao remate da mesma. Conexión online no horario lectivo durante as catro sesións semanais.</p>
Actividades de ampliación	Os alumnos coas dúas primeiras avaliacións superadas seguen ampliando materia, suministrando as guías de aprendizaxe online que serán calendarizadas dacordo ao horario lectivo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	O 100% do alumnado ten conectividade, contactando co profesor vía google meet, hangout ou correo electrónico.
Materiais e recursos	Guías de aprendizaxe, ordenador persoal do Centro e libro de texto.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O equipo directivo informará mediante tokapp da emisión dun comunicado oficial a través de email dos cambios xerais a ter en conta para este terceiro trimestre, para elo cada tutor mediante videoconferencia ou chamada telefónica, para garantir o éxito da recepción da información, presentará o programa de reforzo a cada alumno así coma os cambios nos criterios de calificación.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro a partires do 13 de maio.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: SEMINARIO MENOR A INMACULADA

CURSO: 4º ESO

MATERIA: FÍSICA E QUÍMICA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS

DATA: 11.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles do curso 2019-2020.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles para superar o curso.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Utilizar correctamente os materiais e produtos do laboratorio..	1.1. Determina o tipo de instrumental de laboratorio necesario segundo o tipo de ensaio que vai realizar. 1.2. Identifica as propiedades dos materiais do laboratorio
2. Diferenciar as zonas dun laboratorio e o seu uso.	2.1. Identifica as zonas do laboratorio e o lugar de almacenaxe dos materiais.
3. Recoñecer as indicacións nas etiquetas dos produtos químicos..	3.1. Identifica as características dos produtos químicos de laboratorio
4. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene do laboratorio.	.4.1. Recoñece e cumpre as normas de seguridade e hixiene que rexen nos traballos de laboratorio
5. Contrastar algunha hipótese baseándose na experimentación, recompilación de datos e análises de resultados	5.1. Recolle e relaciona datos obtidos por distintos medios para contrastar hipóteses e transferir o coñecemento científico. 5.2. Deseña pequenos traballos de investigación sobre un tema exposto
6. Coñecer os métodos para presentar os resultados científicos.	6.1. Decide e elabora a presentación dos resultados dunha investigación con diferentes métodos
1. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar o volume.	1.1. Determina e identifica medidas de volume. 1.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir o volume.
2. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a masa..	2.1. Determina e identifica medidas de masa. 2.2. Relaciona a aplicación no campo da investigación de técnicas e instrumental para medir a masa
3. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a densidade.	3.1. Determina e identifica medidas de densidade. 3.2. Relaciona a aplicación no campo industrial.
4. Aplicar as técnicas e o instrumental apropiado para identificar a temperatura	4.1. Determina e identifica medidas de temperatura. 4.2. Relaciona a aplicación no campo industrial e de servizos de técnicas e instrumental para medir a temperatura.

	4.3. Recoñece o significado de equilibrio térmico
5. Seleccionar e utilizar adecuadamente os materiais e produtos do laboratorio..	5.1. Elixe o tipo de instrumental e o material de laboratorio necesario para realizar os experimentos propostos e utilízao correctamente.
6. Cumprir e respectar as normas de seguridade e hixiene no laboratorio.	.6.1. Aplica correctamente as normas de seguridade e hixiene no laboratorio
7. Presentar e defender en público os resultados dun traballo experimental.	7.1. Presenta e defende en público os resultados dos seus experimentos
1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas para a súa representación e identificación. 6.2. . Determina a maior ou menor reactividade dos elementos en función da súa configuración electrónica e a súa posición na táboa	1.1. Aborda o coñecemento da composición da materia como unha necesidade para o desenvolvemento científico e tecnolóxico 1.2. Busca exemplos para construír modelos atómicos.
2. Comprender e interpretar fenómenos electrostáticos cotiáns e coñecer o modelo atómico de Thomson e o modelo atómico de Rutherford (ou modelo atómico nuclear	2.1. Expón experimentos sinxelos para xustificar a existencia de cargas eléctricas na materia. 2.2. Destaca as diferenzas entre os modelos de Thomson e Rutherford
3. Distinguir as partes do átomo (núcleo e cortiza) diferenciando as partículas que o compoñen. 4. Coñecer o modelo atómico de Bohr, os subniveles de enerxía e os orbitais	3.1. Manexar os conceptos de número atómico, número másico, masa atómica, isótopo e ión. 3.2. Aprende a manexar as aplicacións virtuais de construción de átomos e estudo de partículas subatómicas. 3.3. Investiga aplicacións con especial interese dos isótopos de distintos átomos do sistema periódico.
4. Establecer a configuración electrónica dun átomo e coñecer a distribución dos electróns segundo os niveis de enerxía, para átomos sinxelos.	4.1. Compara os diferentes modelos atómicos propostos ao longo da historia. Coñece as distintas partículas elementais do modelo atómico actual.

<p>5. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da UPAC.</p>	<p>5.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos e dalgúns elementos de transición relevantes a partir do seu número atómico, para deducir a súa posición na táboa periódica.</p> <p>5.2. Distingue entre metais, non metais, semimetales e gases nobres, xustificando esta clasificación en función da configuración electrónica dos elementos.</p> <p>5.3. Determina os electróns de valencia dos elementos representativos e predicir o seu comportamento químico.</p>
<p>6. Deducir as propiedades dos elementos en función da súa configuración electrónica e a súa posición na táboa periódica</p>	<p>6.1. . Compara e xustifica os diferentes radios atómicos baseándose na súa configuración electrónica e a súa posición na táboa periódica.</p>
<p>1. Interpretar os distintos tipos de ligazón química a partir da configuración electrónica dos elementos</p>	<p>1.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e fórmula dos compostos iónicos e covalentes.</p> <p>1.2. Interpreta a diferente información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo trátase de moléculas ou redes cristalinas.</p> <p>1.3.</p>
<p>2.Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza da súa ligazón química.</p>	<p>2.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou moléculas.</p> <p>2.2. Explica a natureza da ligazón metálica utilizando a teoría dos electróns libres e relaciónaa coas propiedades características dos metais.</p> <p>2.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de ligazón presente nunha substancia descoñecida</p>
<p>3. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC</p>	<p>3.1. Nomea e formula os compostos inorgánicos ternarios, seguindo as normas da IUPAC</p>

4. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e propiedades de substancias de interese...	4.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico. 4.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios.
1. Comprender o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa para partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar	1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións e deduce a lei de conservación da masa
2. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no sistema internacional de	.2.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.
3. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supoñendo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente	3.1. Interpreta os coeficientes dunha ecuación química en termos de partículas, moles e, no caso de reaccións entre gases, en termos de volumes. 3.2. Resolve problemas, realizando cálculos estequiométricos, con reactivos puros e supoñendo un rendemento completo da reacción, tanto se os reactivos están en estado sólido como en disolución
4. Identificar ácidos e bases, coñecer o seu comportamento químico e medir a súa fortaleza utilizando indicadores e o pH-metro dixital	4.1. Utiliza a teoría de Arrhenius para describir o comportamento químico de ácidos e bases. 4.2. Establece o carácter acedo, básico ou neutro dunha disolución utilizando a escala de pH.
5. Realizar experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.	5.1. Deseña e describe o procedemento de realización dunha volumetría de neutralización entre un ácido e unha base fortes, interpretando os resultados.

	5.2. Planifica unha experiencia, e describe o procedemento para seguir no laboratorio que demostre que nas reaccións de combustión prodúcese dióxido de carbono mediante a detección deste gas.
6. Valorar a importancia das reaccións de sínteses, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.	6.1. Describe as reaccións de síntese industrial do amoníaco e do ácido sulfúrico, así como os usos destas substancias na industria química. 6.2. Xustifica a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular. 6.3. Interpreta casos concretos de reaccións de neutralización de importancia biolóxica e industrial.
1. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas	1.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociado
2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre a mesma, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición.	2.1. #Predicir o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. 2.2. Analiza o efecto dos distintos factores que afectan á velocidade dunha reacción química xa sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das distintas variables permita extraer conclusións.
3. Valorar a importancia das reaccións químicas nos procesos biolóxicos, nas aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.	3.1. Xustifica a importancia das reaccións de combustión na xeración de electricidade en centrais térmicas, na automoción e na respiración celular.

1. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos	1.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos. 1.2. Analiza as distintas formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades.
2. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante as distintas fórmulas, relacionalas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese.	2.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesarrollada e desenvolvida. 2.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as distintas fórmulas usadas na representación de hidrocarburos. 2.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.
3. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese	3.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcois, aldehídos, cetonas, acidos carboxílicos, ésteres e aminas.
1. Xustificar o carácter relativo do movemento e a necesidade dun sistema de referencia e de vectores para describilo adecuadamente, aplicando o anterior á representación de distintos tipos de desprazamento	1.1. Define os conceptos de sistema de referencia, traxectoria, posición, desprazamento e velocidade. 1.2. Distingue entre desprazamento e distancia percorrida. 1.3. Representa a traxectoria e os vectores de posición, desprazamento e velocidade en distintos tipos de movemento, utilizando un sistema de referencia.
2. Distinguir os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea xustificando a súa necesidade segundo o tipo de movemento	2.1. Clasifica distintos tipos de movementos en función da súa traxectoria e a súa velocidade. 2.2. Xustifica a insuficiencia do valor medio da velocidade nun estudo cualitativo do movemento rectilíneo uniformemente acelerado (MRUA), razoando o concepto de velocidade instantánea

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>A avaliación deberá ser continua, formadora e integradora.</p> <p>De cada tema farase unha guía de aprendizaxe a desenvolver no caderno de clase na que se valorará especialmente a presentación.</p> <p>Os alumnos coas dúa primeiras avaliacións aprobadas continúan recibindo materia nova no formato de guía de aprendizaxe. Enviaranse solucionarios de exercicios para que poidan correxir.</p>
	<p>Instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none">- Seguimento diario da guía de aprendizaxe e citas de seguimento semanais.- Corrección de exercicios enviados.- Observación das correccións de solucionarios- Formulario google form.- Rúbrica de guías e citas de seguimento.
Criterios de cualificación	<p>Modifícanse os criterios de calificación propostos para este curso. Os novos criterios son:</p> <p>20% Guías de aprendizaxe</p> <p>20% Citas e actividades avaliáveis</p> <p>40% Exame</p> <p>20% Actitude do alumno</p>
Cualificación final	<p>Neste terceiro trimestre avanza dende dous fronts, o primeiro dando guías de reforzo e recuperación a aqueles que teñen avaliacións suspensas, e por outro lado, para aqueles alumnos con todo aprobado, facendo guías de ampliación de contido que se poderán ponderar de xeito positivo na avaliación ordinaria (ata un máximo de 2 puntos).</p> <p>Nota media entre a primeira e a segunda avaliación. En canto a terceira non terá efectos negativos no alumnado e para aqueles alumnos que completen as tarefas de ampliación e reforzo, no seu caso, e mostren unha actitude favorable podrá valorárselle ata un máximo de dous puntos que sumarán na avaliación ordinaria (nota final de curso).</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Será unha proba única (exame) baseada nos contidos mínimos esixibles, estándares e competencias imprescindibles para superar o curso (apartado 1).</p>
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p>

	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:
	Data do exame.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades repaso e recuperación	Os alumnos con materia pendente deben completar as guías de aprendizaxe e respostar a un formulario por google form ao remate da mesma. Conexión online no horario lectivo durante as catro sesións semanais.
Actividades de ampliación	Os alumnos coas dúas primeiras avaliacións superadas seguen ampliando materia, suministrando as guías de aprendizaxe online que serán calendarizadas dacordo ao horario lectivo.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	O 100% do alumnado ten conectividade, contactando co profesor vía google meet, hangout ou correo electrónico.
Materiais e recursos	Guías de aprendizaxe, ordenador persoal do Centro e libro de texto.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	O equipo directivo informará mediante tokapp da emisión dun comunicado oficial a través de email dos cambios xerais a ter en conta para este terceiro trimestre, para elo cada tutor mediante videoconferencia ou chamada telefónica, para garantir o éxito da recepción da información, presentará o programa de reforzo a cada alumno así coma os cambios nos criterios de calificación.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro a partires do 13 de maio.